

Sumario

A Tecnoloxía é a máis difícil. Disputaban o galardón catro asignaturas, Bioloxía Xeoloxía, Física-Química, Inglés e Tecnoloxía. O desenlace foi contundente cun 63,2% dos votos emitidos.

Somos a reserva espiritual do instituto.

As dúbidas entre as nominadas á asignatura máis fácil -Relixión, Informática, Castelán e Matemáticas- resolvéronse a favor da Relixión cun 47,4% dos votos emitidos.

A tarima non ailla segundo se desprende da opinión que lles merece ós alumnos e alumnas do grupo a relación existente entre eles e os seus profesores. Manifestan que a relación é, en xeral, boa quedando só ensombrecida por algúns docentes que, o seu entender, non se paran suficientemente a explicar.

A loita pola sobrevivencia parece ser o que impera no ecosistema do grupo. Aínda que sinalan nun primeiro momento que as relacións dentro do clan son boas, é xeral a constatación da existencia de individuos discordantes en dous sentidos; por unha banda, xente que só se relaciona en grupos moi reducidos e por outra bromistas incorrexibles que fartan coa súa leria.

Agobio final

Demasiados traballos e exames

É a tónica nas últimas semanas antes das avaliacións. Exames, traballos para entregar e libros para ler, unha chea de tempo de adicación para, a lo menos ó final, tratar de salva-lo trimestre e comezar a pensar na promoción. Os alumnos e alumnas queixanse desta morea de encargos en pouco tempo.


Moitas lesións

¡Merma na plantilla!

No terreo deportivo, é de sinalar o gran número de lesións que sufriron os membros do grupo. Segundo informan fontes acreditadas, nalgún caso os incidentes puideron servir para baixarlle os fumes a algún "adiantado" que quiso alardear das súas destrezas e dou cos seus reais no chan.

Gráfica de aprobados nas dúas primeiras avaliacións

Nº Medio de Suspensos 1ª Avaliación: 4 (~20%)
Nº Medio de Suspensos 2ª Avaliación: <3 (<15%)



Aproban tódalas asignaturas 9 alumnos fronte os 3 da 1ª avaliación.

EDITORIAL

A constante no pensamento dos alumnos e alumnas é o exceso de traballo e as esixencias de estudo. Sen embargo, malia o que poida parecer, a valoración que fan os alumnos da marcha do curso ata o momento é positiva. Destacan a mellora no que a conflictividade se refire en comparanza cos anos anteriores, valoran positivamente o número de calificacións positivas e son optimistas de cara á promoción.